

JULIET, ESPIDA

[Jesse Peretz, 2018]

471

ESTREA EN NUMAX: 01.04.2019 | V.O.S.E. | +7

Juliet, Naked (2018, 105')

Dirección: Jesse Peretz

Guión: Tamara Jenkins, Evgenia Peretz, Jim Taylor
(Novela: Nick Hornby)

Elenco: Rose Byrne, Ethan Hawke, Chris O'Dowd, Megan Dodds,
Jimmy O. Yang, Lily Newmark, Lily Brazier, Johanna Thea,
Azhy Robertson, Ayoola Smart, Georgina Bevan

Montaxe: Sabine Hoffman, Robert Nassau

Dirección de arte: Caroline Barclay

Vestuario: Lindsay Pugh

Son: Stevie Haywood

Música: Nathan Larson

Fotografía: Remi Adefarasin

Produtora: Apatow Productions (Estados Unidos)

Distribuidora: Diamond Films

Formato de proxección: DCP2K, 2.39:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA

Girls, 2012 [Serie TV, con Lena Dunham]

Our Idiot Brother, 2011

Mi ex, 2007

The Château, 2001

Primer amor, últimos ritos, 1997

SINOPSE

Annie e Duncan son parella desde hai vinte anos e agora achéganse aos corenta. Ambos levan una vida tranquila como funcionarios, pero a ela inquédalle o paso do tempo sen ningún tipo de paixón. Duncan, porén, concentra toda a súa atención en Tucker Crowe, un músico americano que desapareceu tras publicar o álbum *Juliet, espida*.

“Cálida, intelixente e divertida.
É simplemente marabillosa”

LOS ANGELES TIMES



“Perfecta e sutil”

★★★★★

Por Irene Crespo

E se un día te ergues e decátaste de que perdeches os últimos 15 anos da túa vida? 15 anos facendo o que se agardaba que fixeras: levar o museo antropolóxico de teu pai nun pequeno pobo da costa de Inglaterra, vivir co teu mozo, sen fillos, como tiñades falado. É o que lle ocorre a Annie (xenial Rose Byrne). Os últimos 15 anos pasáronlle por diante e non os viu vir, está atrapada nunha relación con Duncan, un arrogante profesor de universidade (Chris O’Dowd) que parece máis namorado dunha estrela de rock desaparecida hai 20 anos, Tucker Crowe (Ethan Hawke despregando encanto como en *Antes de...*) que dela. *Juliet, espida*, precisamente, é o título do último álbum de Crowe, unhas maquetas que chegan a mans de Duncan. Annie críticaas na súa web e alguén está de acordo con ela: o propio Crowe, que non morreu nin casou coa realeza sueca, senón que vive da xenerosidade da súa última exmuller co seu quinto fillo. Inician unha relación por email que segue os temas habituais de Nick Hornby (*Alta fidelidad*), cuxa novela adapta aquí Jesse Peretz: a soidade, o arrepentimento, a busca de segundas oportunidades... e o peterpanismo que representa Duncan. Peretz, curtido en series románticas (*Girls*, *New Girl*) atopa nesta historia a

priori fantástica o ton perfecto e sutil de romanticismo nostálgico e encantador.

Publicado en <http://cinemania.elmundo.es>

* * *

“O estándar de ouro”

Notas do director, Jesse Peretz

Entre *Alta fidelidad* (Stephen Frears, 2000) e *Un niño grande* (Paul Weitz & Chris Weitz, 2002), a adaptación dunha novela de Nick Hornby converteuse practicamente nun xénero cinematográfico en si mesmo, e moi querido. Para cineastas coma min que se senten atraídos polas comedias, Nick Hornby é o estándar de ouro. De feito *Juliet, espida* leva os selos auténticos e irresistíbeis de Hornby: unha intensa obsesión coa cultura popular; personaxes modernos, idiosincráticos e agarimosamente creados; unha mestura de humor e calidez oculta fermosamente labradas; sabedoría sobre a natureza da vida. O feito de que houbese un fanático da música case tolo no centro da historia fixo que me involucrase aínda máis para velo na pantalla. Son un fanático da música en recuperación (e o primeiro baixista da banda punk dos 80, Lemonheads).

Daquela, cando este grupo de recoñecidos produtores (Judd Apatow, Barry Mendel, Albert Berger e Ron Yerxa)

contacta comigo para unha adaptación do libro de Nick Hornby canda Tamara Jenkins e Jim Taylor, entusiasmeime de inmediato. Aferreime a esta historia tan inusual.

Coa miña socia creativa e irmá, Evgenia Peretz, procuramos a conexión que se xerou entre Annie e Tucker. No seu romance epistolar fan balanço das súas propias vidas e bríndanse mutuamente a atención da que ambos carecen profundamente nas súas respectivas vidas. Os dous están a loitar co remorso. Tucker ten moitos nenos espaxados polo mundo e arruinou a relación con todos agás un. No caso de Annie, malgastou os mellores anos da súa vida con Duncan, un home inmaduro que non quere ter fillos. Agora que se achega aos corenta, estase a decatar de que cometeu un terríbel erro e que debece por ter un fillo. A medida que a súa relación se fai máis profunda, esperta entre si a esperanza de que tal vez non sexa tarde por demais para mudaren o curso das súas vidas.

Un espectador, coido que axeitadamente, referiuse a esta longametraxe como un filme para persoas de mediana idade que se van facendo maduras. Para min, isto afecta exactamente á emoción que nos mantén con gana de contar historias e facer filmes: unha esperanza de que cada proxecto nos brinde a oportunidade de repensar as nosas ideas preconcebidas sobre as nosas propias vidas e ofrecer a posibilidade de seguir medrando.

Publicado en diamondfilms.es
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Juliet, desnuda, Nick Hornby. Anagrama, 2010

Funny Girl, Nick Hornby. Anagrama, 2016

31 canciones, Nick Hornby. Anagrama, 2009

Cómo ser buenos, Nick Hornby. Anagrama, 2009

En picado, Nick Hornby. Anagrama, 2009

Todo por una chica, Nick Hornby.

Anagrama, 2010

Un gran chico, Nick Hornby. Anagrama, 2009

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org

